



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA TRECE DE DECEMBRO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día trece de decembro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e oito de novembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 201200000001194 de don José Manuel Barco Carril.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio de aproximadamente 198 m² en planta, consistente no cambio do tellado colocando uralita e tella, situado en Gatente –Trobe, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos once euros con cincuenta e oito céntimos (#211,58#)



2.2.- Instancia núm. 201200000001227 de dona María Dolores López Fernández.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 15 m. de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Ortigueira, en solo cualificado no PXOM como solo urbano (U-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 8,00 m de distancia dende o eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. A altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m. Ademais axustaranse ás condicións da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.3.- Instancia núm. 201200000001650 de don José Manuel Sinde Durán.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en A Estrada, solicita licenza para a rehabilitación da edificación con destino a taller, consistente en pintado exterior da fachada dianteira, de aproximadamente 80 m², situada en Agrelo.- Santa Cruz de Ribadulla, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación nin afectarán á estrutura da mesma; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar nas fachadas será branco ou en tons suaves acordes co medio rural. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.4.- Instancia núm. 201200000001653 de don Manuel Adolfo Silva Fernández.

Dáse conta da citada instancia na que o interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 120 m de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Argunte, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM.



A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 m de distancia dende o eixe da vía na zona que se sitúa no núcleo e de 6,00 m dende o eixe na zona de solo rústico. Garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. En cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m na zona de núcleo e de 1,00 m no rústico.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento sete euros con oitenta e seis céntimos (#107,86#).

2.5.- Instancia núm. 201200000001431 de don Jorge Vales Fernández.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento, de aproximadamente 100 m de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Argunte, en solo rústico de protección agrícola (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m de distancia dende o eixe do vial municipal por ser unha vía en solo rústico e axustarase á distancia establecida polo Servizo de Vías e Obras Provinciais. Garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios de ser o caso. En cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e nove euros con oitenta céntimos (#89,80#)

2.6.- Instancia núm. 201200000001744 de don Claudino López Valdés e don Santiago López Valdés.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicitan licenza para proceder á parcelación de dúas fincas resultantes da parcela situada en San Miguel de Sarandón (numero 1237 do plano do acordo de concentración parcelaria de Sarandón), en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como solo de núcleo rural (ordenanza N1), de acordo co proxecto técnico presentado asinado por don Fco. Javier Bellet García en calidade de enxeñeiro técnico agrícola de data 11 de decembro de 2012.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita en San Miguel de Sarandón, nos termos do proxecto presentado e



aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenderon á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros. Así mesmo, o terreo destinado a viais, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.

3º.- Acordo, se procede, sobre declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total de edificacións.

3.1.- Instancia núm. 567/11 presentada por Celestino Lata Carbia.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado en representación de Maderas C. Lata, S.L., solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para edificacións dedicadas a PRIMEIRA E SEGUNDA TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA, nos termos da documentación que se acompaña firmada por José Rey Rodríguez, en calidade de Arquitecto Técnico, e que se achega polo solicitante.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira - Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total das edificacións dedicadas a *primeira e segunda transformación da madeira*, sitas no lugar de Silva de Arriba (San Miguel de Sarandón) nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de quince mil oitocentos un euros con cincuenta e cinco céntimos (#15.801,55#).

4º.- Acordo, se procede, sobre remisión de expediente de licenza de actividade para taller de reparación de vehículos automóbiles (legalización) sito en San Fins de Sales á Consellería do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Examinado o expediente promovido por dona Emérita Fernández Villaverde en representación de Talleres San Fins, S.L., segundo a súa solicitude núm. 1311/12 de data 4 de setembro de 2012, para licenza de actividade para *Taller de reparación de vehículos automóbiles (legalización)* no lugar de Cornado (San Fins de Sales), sometida ao disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental (DOG núm. 126, do 1 de xullo).

Tendo en conta o contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais; que o expediente estivo exposto ao público por un período de vinte días, téndose publicado o edicto de exposición no BOP núm. 184 de data 26 de setembro de 2012 e no DOG número 193 de data 9 de outubro de 2012, así coma no taboleiro de edictos do concello; que por Secretaría se certificou a non presentación de alegacións.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, a Xunta de Goberno Local acorda:



1º.- Informar favorablemente a solicitude que se tramita a instancia de Talleres San Fins, S.L., en relación coa licenza de instalación da actividade de *Taller de reparación de vehículos automóbiles (legalización)* no lugar de Cornado (San Fins de Sales), nos termos da documentación presentada e tendo en conta que os terreos onde se pretende levar a cabo a actividade axústanse á ordenación e cualificación urbanística prevista no vixente PXOM, téndose emitido informe polos Servizos Técnicos Municipais; así mesmo as medidas propostas polo solicitante na documentación aportada ao expediente enténdense axeitadas.

2º.- Suspender o transcurso do prazo máximo para resolver durante o período que medie entre a remisión do expediente ao órgano ambiental competente e a comunicación ao concello da emisión do preceptivo dítame de incidencia ambiental.

3º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para os efectos previstos no Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

5º.- Certificacións de obras.

5.1.- Certificación núm. 2 e final da obra de *Ampliación rede de abastecemento na parroquia de Santa Baia e acometidas á Casa do Concello, Pavillón Polideportivo e CPI de Vedra*

Dáse conta da certificación núm. 2 e final da obra de *Ampliación rede de abastecemento na parroquia de Santa Baia e acometidas á Casa do Concello, Pavillón Polideportivo e CPI de Vedra (código 12.2100.0217.0), incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2012), e máis da factura núm. EO0176/12 da empresa adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de cinco mil cincocentos dezanove euros con setenta e dous céntimos (#5.519,72#).*

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e a factura correspondente.

6º.-Acordo, se procede, sobre adxudicación do contrato de subministro dun camión compactador de recollida de residuos sólidos urbanos.

Con data 30 de outubro de 2012 publicouse anuncio de *licitación de camión compactador de recollida de residuos sólidos urbanos*, financiado pola Deputación Provincial en virtude do convenio de colaboración asinado con data 30 de maio (núm. 72/2012), no BOP núm. 207/12, do 30 de maio, e no perfil do contratante (www.concellodevedra.com), mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa con varios criterios de adxudicación, presentándose en prazo as ofertas que constan no expediente.

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 28/11/2012, á vista das valoracións obtidas polos licitadores e en función da proposta da Mesa de Contratación, de acordo co establecido no artigo 151.1 e 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, acordou clasificar as ofertas presentadas e requirir a Louzao Vehículos Industriales Coruña S.L.U como licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presentase no prazo de dez días a documentación preceptiva para a súa adxudicación.

Dado que o citado licitador presentou en prazo a documentación requirida, de conformidade co establecido no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Segunda do



citado Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicarlle á Louzao Vehículos Industriales Coruña S.L.U con NIF núm. B-15813306 e domicilio social en Polígono de Piadela Sur, parcela 10-11 (15300 Betanzos -A Coruña) o contrato de subministro dun camión compactador de recollida de residuos sólidos urbanos, de acordo cos seguintes extremos:

1.1.- O prezo total de adxudicación ascende á cantidade de cento vinte e un mil oitocentos cincuenta euros (#121.850,00#) máis vinte e cinco mil cincocentos oitenta e oito euros con cincuenta céntimos (#25.588,50#) de IVE, que supón unha baixa de sesenta e un euros con cincuenta céntimos (#61,50#) sobre do tipo.

1.2.- O vehículo obxecto da adquisición será:

Chasis: Mercedes Benz Axor R Nuevo, Modelo 1829 L, cunha potencia de motor de 210 kW (286 CV), D.E.E 4200 mm , e un peso total adm (M.M.A) de 18000 kg de 206 CV (15 KW) de potencia e en canto ao recolector compactador de carga traseira será Ros Roca, modelo Olympus 17 m³ de capacidade, e coas características e melloras (chasis, cabina, ..etc) ofertadas polo licitador-adxudicatario tal e como describe no seu documento das referencias técnicas, e que, para a debida constancia e cumprimento, deberá engadirse, no anexo que proceda, ao contrato que se asine.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 162-624 do orzamento de gastos.

TERCEIRO.- Notificarlle a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO.- Notificarlle a Louzao Vehiculos Industriales Coruña, S.L, adxudicataria do contrato, o presente acordo e requirilo para a formalización do mesmo.

QUINTO.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com) e no BOP.

SEXTO.- Comunicarlle os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Publico, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezanove de novembro do ano que andamos, pola que se acorda incoar o oportuno expediente de orde de execución e comunicarlle a dona Beatriz Campos Cernadas que no prazo dun mes deberá proceder á limpeza da parcela sita en Xián, da parroquia de San Pedro de Sarandón, que se atopa invadida de maleza e en estado de abandono.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de novembro do ano que andamos, pola que se acorda designar como representante do concello no Consello Escolar do CPI de Vedra ao concelleiro don Manuel Costa Carneiro.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.3. - Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catro de decembro do ano que andamos, pola que á vista do burofax remitido por Autos Lobelle, S.L , único



licitador que presentou oferta para a adxudicación dun vehículo todoterreo para Protección Civil e protección do medio ambiente, financiado pola Xunta de Galicia a través do Fondo de Compensación ambiental: liña competitiva, comunicando a imposibilidade de presentar a documentación preceptiva para a adxudicación do contrato para que o concello procedese a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte clasificado, e dado que era a única oferta presentada e o prazo de xustificación das actuacións remata o 30 de decembro; e que central de Nissan Iberia , S.A en Madrid se comprometeu a entregar en prazo un vehículo coas mesmas características, equipamento e prezo ao ofertado polo concesionario de Nissan en Santiado, Autos Lobelle, S.L, acórdase aceptar a oferta de Nissan Iberia, S.A e requirir á mesma para que presente a documentación preceptiva para adxudicación do contrato.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8º.- Outros asuntos.

8.1. .- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta do escrito núm. 1736/2012 no que don José Luís Pereira García, con domicilio en Sete -Santa Cruz de Ribadulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 65%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

8.2.- Incautación garantía provisional a Autos Lobelle, S.L

Con data 26/09/2012 a Xunta de Goberno acordou aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para o subministro dun vehículo todoterreo para Protección Civil e protección do medio ambiente, por procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa , con varios criterios de adxudicación, publicándose anuncio de licitación no BOP núm. 204/12, do 25 de novembro, e no perfil do contratante (www.concellodevedra.com), presentándose en prazo unha soa oferta: Autos Lobelle, S.L.

Por Resolución da Alcaldía de data 21/11/2012, en función da proposta da Mesa de Contratación e de conformidade co establecido no artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, acordouse requirir a Autos Lobelle, S.L para que presentase no prazo de dez días a documentación preceptiva para proceder a adxudicación do contrato.

Visto que con data 30/11/2012 don José Antonio Lobelle Quintillán, actuando en nome e representación de Autos Lobelle, S.L, comunicou mediante burofax a imposibilidade de achegar en prazo a documentación requirida aos efectos de que se procedese a recadar a mesma documentación ao seguinte clasificado.

A Xunta de Goberno acorda:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



En función do establecido no artigo 103.4 do citado texto refundido da lei de contratos do sector público, incautar a fianza provisional depositada na tesourería do concello por Autos Lobelle, S.L (número 560-5803-54.716.6) por importe de novecentos oitenta e seis euros con setenta e oito céntimos (#986,78#).

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.